



A att. **Concello de Lousame**

Expediente: **Conversión en autovía do Corredor CG - 1.5, Brión - Noia. Treito I: p.q. 11+640 - 21+000**  
Tipo de documento: Proxecto de trazado  
Clave: **AC/17/182.01**  
*-Solicítase relacione esta clave para calquera comunicación ao respecto deste expediente-*  
Asunto: Información pública

De conformidade co establecido no artigo 21.1 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, infórmaselles que na páxina web <https://vivendaeinfraestructuras.xunta.gal/informacion-publica/estudos>, dispoñen para a súa consulta do documento referido neste oficio; debido a que se acordou sometelo ao trámite de información pública durante un prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (prevista para o 29/11/2024) e ao informe das administracións públicas afectadas.

Así, e no que respecta ás súas competencias sectoriais, no prazo de trinta (30) días hábiles pode examinar se o trazado proposto é o máis axeitado para os seus intereses e **informar ao respecto**. Transcorrido dito prazo sen que sexa emitido o dito informe, continuarase coa tramitación do procedemento.

Así mesmo, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior sométese a información pública o referido documento, aos efectos previstos no art. 56.1 do *Regulamento de expropiación forzosa*.

Por isto, solicítaselle que **insiran no taboleiro de anuncios** dese Concello o anuncio de dito trámite, coa finalidade de que os interesados formulen alegacións durante un prazo de trinta (30) días hábiles (a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *DOG*), na forma prevista na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, coa indicación de que unicamente poderán ser tidas en conta neste trámite as observacións relativas á concepción global do trazado exposto.

Rematado o período de información pública, solicítaselles a **expedición e remisión a Área de Deseño de Infraestruturas dun certificado** no que se faga constar que o proxecto estivo a exposición pública durante o prazo establecido, se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo.

O resultado da información pública será remitido a ese Concello.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
O director da Axencia Galega de Infraestruturas  
Francisco Menéndez Iglesias

